

**PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 6**

**SESION EXTRAORDINARIA DE 27 DE FEBREIRO DE 2004**

**ASISTENTES**

Excma. Sra. Alcaldesa	
Alonso Vázquez, Xulio	López-Chaves Castro, Ignacio Javier
Arias Moreira, José Carlos	Martíns Vilanova, Margarida Rosa
Coello Bufill, Antonio	Méndez Piñeiro, María José
Comesaña Abalde, Carlos	Molares Pérez, Lucía Emilia
Couto Pérez, José Manuel	Pérez Castrillo, Lois
Domínguez Olveira, Santiago Xosé	Pérez Mariño, Ventura
Fernández Fernández, Amador	Polo Lima, María Soledad
Graña Barcia, María Luisa	Porteiro García, María Josefa
Guerra Fernández, Javier Jorge	Ruiz Ceniceros, Mauricio
Iglesias Carrera, José Manuel	Soto Ferreiro, Manoel

**NON ASISTEN:**

Barros Puente, Miguel  
Calviño Rodríguez, Julio  
Fernández Davila, María Olaia  
Figueroa Vila, José Manuel  
Sío Lourido, Belén  
Toba Girón, Xabier

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as trece horas e oito minutos do día vinteseite de febreiro do ano dous mil catro, coa Presidencia da Excma. Sra. Alcaldesa, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Vázquez, Arias Moreira, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Couto Pérez, Domínguez Olveira, Fernández Fernández, Graña Barcia, Guerra Fernández, Iglesias Carrera, López-Chaves Castro, Martíns Vilanova, Méndez Piñeiro, Molares Pérez, Pérez Castrillo, Pérez Mariño, Polo Lima, Porteiro García (con retraso), Ruiz Ceniceros e Soto Ferreiro, actuando como Secretario do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a tódolos Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asisten os Sres. e Sras. Barros Puente, Calviño Rodríguez, Fernández Davila, Figueroa Vila,

Sío Lourido e Toba Girón. Está tamén presente a Interventora Xeral, dona Berta Guarner González.

A Presidencia declara aberta a sesión en primeira convocatoria e procédese a trata-los asuntos da orde do día.

UNICO.(73) Informe anual do Valedor do Cidadán, en cumprimento do artigo 29 do Regulamento de organización e funcionamento do Valedor do Cidadán.

ANTECEDENTES.- En cumprimento do estipulado no artigo 29 do Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Cidadán, aprobado polo Pleno da Corporación en sesión do día 26 de marzo de 2001, que no seu apartado 1º di: "O Valedor do Cidadán dará conta anualmente ó Pleno do Concello de Vigo da xestión realizada. Este informe deberá de ser presentado nos dous primeiros meses de cada ano natural", preséntase perante o Pleno da Corporación Municipal o Valedor do Cidadán, don Luis Espada Recarey para dar conta do citado informe.

SRA. ALCALDESA: Comezamos o Pleno extraordinario que ten UN único punto da orde do día.

Quero darlle a benvida ó Valedor do Cidadán e agradecer o seu traballo a prol da mellora na atención ós cidadáns vigueses na súa relación coa Administración local.

Estou segura, Sr. Valedor, de que ter en conta as súas suxestións axudaranos a incrementar a calidade dos servicios que temos a obriga de dar ós vigueses e viguesas.

Benvido e ten a palabra.

SR. ESPADA RE CAREY: Bos días, Ilma. Presidenta do Pleno, señoras concelleiras e concelleiros, de acordo coa normativa que rexe o Regulamento da oficina do Valedor é preceptivo que alomenos unha vez ó ano se informe ó Pleno, xa que o Valedor é unha situación delegada deste para levar a cabo as funcións que se pormenorizan no citado Regulamento.

No labor da oficina do Valedor diferéncianse as actuacións de oficio daquelas outras realizadas a instancia de parte. destas últimas relacionadas con consultas, intervencións, entrevistas e expedientes, recóllese un informe-memoria anual que preceptivamente se debe dar a coñecer neste caso concreto nun Pleno extraordinario antes de rematar o mes de febreiro, memoria que logo dunha elaboración e estruturación metodolóxica e co obxecto de facilitar un mellor seguimento dos casos, coa esperanza e desexo de que poidan todos vostedes coñecela neste Pleno, entregouse á imprenta o 26 de xaneiro e logo das necesarias e precisas correccións culminouse cunha impresión de todos os exemplares hai a penas uns días.

Sen embargo, desexando non interferir unha actuación con outra, é polo que solicito separar as dúas intervencións: as relacionadas con actividades de oficio das instancias de parte.

Así pois e con este esquema empezarei coas actuacións a instancia de parte. A modo introductorio teño que dicir que a idea que se defenda acerca de calquera política municipal está estrictamente vinculada á concepción que se teña do ser humano e da sociedade.

Non hai nada novo. Admitir que se se considera a comunidade local como un campo de queixas e conflitos, as directrices políticas seguiran esta liña. Todo o contrario procederá se se orienta cara á busca da orde cívica, pois neste caso a política municipal será o aglutinante dun equilibrio social.

Son dúas visións opostas da política, isto é, coma loita e coma orde xa postas de manifesto polos gregos: Heráclito di "Nada permañece quedo, todo flúe". Isto é, os conflitos e o enfrontamento forman parte da raíz da propia sociedade. Pola contra Parménides di "Todo está quedo e ordenado" ¿Qué é o ideal? Quizais axeitarse á orde mutable e resistir á aparencia do que se move.

A razón deste aserto reside en que, como vostedes saben, en xeral as ideas claras serven para falar, pero case sempre obramos por ideas de contido claroescuro e son estas as que conducen a vida.

As verdadeiras reflexións que se formulan neste informe anual son como os propios recordos que a xeito de pegada quedaron impresos ó longo do pasado ano. As reflexións como prolongación continuada da memoria están en íntimo contacto coa realidade, por ese motivo as reflexións teñen un alto grao de obxectividade xa que elas son, ó fin e á postre, o esforzo do noso recordo por perseverar, o esforzo do noso traballo pasado por se facer, por vir

para cimentar o futuro que é o que tenta este informe traballado e reflexionado.

Como ser humano nada de canto é humano me é estrano e nada é tan fermoso coma a busca da verdade, do verdadeiro, sentimento que se recoñece porque lle transmite a este ser humano a conciencia da súa liberdade e da súa dignidade. Este estímulo e comprensión fíxome seguer adiante na preparación destes sinxelos folios redactados antes de vir a este Pleno. Por este motivo, con esas miras interneime na busca dos elementos que constitúen este escrito que estou lendo crendo a Juver por aquilo de "Pecha os ollos e verás".

Antes de rematar esta introducción a modo de prólogo, no concernente ó desenvolvemento metodolóxico dos expedientes que se presentan, utilizamos a técnica de que por moi complexo que sexa un problema o primeiro que hai que facer é simplificalo porque na ciencia hai que estudar unha variable á vez, non se poden estudar varias variables ó mesmo tempo porque entón non saberíamos cal é a responsable do efecto.

O problema consiste en saber por qué hai cousas que funcionan mal e interpretar como funciona todo o sistema, meditando, como dicía Goethe, fundamentalmente sobre o por qué dos acontecementos pero máis aínda se é posible sobre o cómo.

Así pois esta figura do Valedor creada xa polo dereito escandinavo no 1809 está inmersa e afincada ó longo e ancho de Europa con distintas denominacións. O seu obxectivo reside en equilibrar as actuacións das distintas instancias integrando co maior grao posible os dereitos de cada individuo coas esixencias colectivas da institución local ou do seu ámbito social, mellorando as relacións entre os diferentes colectivos ou persoas que forman parte deste ente local. Pode contribuir á mellora da calidade de vida do administrado avaliando informes ou recomendacións de tipo xeral sobre o funcionamento da institución local en distintos ámbitos ou niveis. Estes informes poden incidir nesa mellora da calidade ó sinalar os puntos febles e fortes das múltiples actuacións e procedementos da Administración, suxerindo solucións ós problemas detectados. Tanto as recomendacións coma as propostas de solucións deben ter unha base de rigorosa análise de todos os casos presentados en forma de queixas ou reclamacións diante da Administración ou calquera outra fonte de información que se coide axeitada e fiable.

Por todo iso, ante estes condicionantes, faise constar que o informe que se presenta realizouse con absoluta independencia e autonomía, coa única e exclusiva intervención dos compoñentes desta oficina do Valedor do Cidadán que actuaron en todo momento con total liberdade e polo tanto responsabilidade do seu contido. Contido sinxelo, o que non quere dicir fácil, e que debe cumprir tres condicións diferenciadas aínda que interrelacionadas entre si.

É necesario en primeiro lugar ante calquera recomendación saber o que se quere. Cando isto se sabe, débese estruturar o seu contido sen ningún atranco e cando se escribe e se expón publicamente corresponde ter a honestidade de o manter. Isto é, debemos ter o valor de defender as nosas opinións e a firme permanencia das nosas obrigas.

Dende opunto de vista metodolóxico o informe que se presenta está dividido en catro partes diferenciadas. Así pois, logo dunha breve introducción a modo de prólogo e da preceptiva siphose, analízanse nunha primeira parte as actuacións a instancia de parte correspondentes a 93 expedientes estudados ó longo do ano 2003. Estes expedientes agrupáronse en áreas temáticas que se corresponden con 12 capítulos ordenados alfabeticamente.

A segunda parte céntrase nas actuacións tamén realizadas a instancia de parte correspondentes ó ano anterior, 2002, pero que se desenvolveron no 2003 ó estar algúns deles no momento do peche da etapa analizada, ó 31 de decembro de 2002, en fase de trámite ou á espera da contestación dalgunha documentación solicitada. Tamén neste caso os 31 expedientes analizados se distribuíron por áreas temáticas ordenadas alfabeticamente.

Unha terceira parte en que se estruturou este informe correspóndese co estudio particular relacionado con queixas ou conflitos acontecidos por mor da contaminación acústica, isto é, inxeríuse a modo dunha memoria ou temática específica dentro deste informe. A razón estriba en que é unha das queixas que inciden directamente nos habitantes deste Concello dende distintas ópticas, motivo polo que se analiza dende unha perspectiva que se relaciona directamente co cumprimento ou non da ordenanza municipal vixente sobre ese tipo de contaminación.

Finalmente un resume estatístico a modo de información pormenorízase separando as entrevistas (300), as consultas (5 diarias), consultas por correo electrónico (35) e expedientes (93 e 31, respectivamente, os dos anos 2003 e 2002).

Como epílogo plásmanse os requirimentos que esta oficina do Valedor solicitoulle ó Concello de Vigo.

No apartado de entrevistas, estas mantivéronse ó longo de todo o ano e con dilixencia dado que estas entrevistas solicitadas lévanse a cabo con total inmediatez en calquera día da semana. A casuística dos temas obxecto delas garda unha relación similar cos expedientes tramitados, isto é, as relativas a urbanismo, seguridade, tráfico e transportes acaparan o 46% do total.

Resulta complexo explicitar con claridade toda a casuística inherente ás accións realizadas con esta oficina do Valedor, consultas, entrevistas, expedientes, actuacións de oficio, dadas as características políticas que aconteceron nesta cidade ó longo do pasado ano.

Esta institución do Valedor ten coma interlocutor directo nunha primeira etapa ó responsable orgánico dunha determinada área da actividade municipal, isto é, o Concelleiro ou Concelleira, e nalgúns sectores houbo no pasado ano ata catro responsables desas áreas municipais.

Así pois o informe que se presenta tivo que se estruturar dun xeito un tanto heterodoxo para se situar en cada unha das catro etapas diferenciadas relacionadas coas distintas formas de goberno.

Para mellor comprensión das actividades realizadas por esta institución do Valedor e co obxecto de clasificar e estruturar os datos cuantitativos dos que se dispoñen, coidouse axeitado comezar a partir da miña primeira intervención neste Pleno, o 19 de febreiro de 2003. A razón estriba en coñecer se logo desta data houbo un cambio de actitude do Goberno municipal en relación coa deficiente colaboración en determinados expedientes.

Pódese constatar de xeito cualitativo que se apreciou un cambio no comportamento do Goberno municipal neste aspecto salientado que sen embargo foi diminuindo ós poucos ó longo do ano debido ás peculiaridades deste período onde as eleccións municipais e demais acontecementos políticos posteriores condicionaron un desfase en tempo entre os informes solicitados por esta oficina e as respostas obtidas, desfase que se foi acumulando ó longo do ano.

Así dos 32 expedientes relacionados con este período, 19 de febreiro a 14 de xuño, 13 contestáronse sen requirir ningunha petición adicional, 6 quedaron sen contestar ó peche deste informe, aínda que 13 deles conclúense posteriormente, fundamentalmente ó longo da etapa seguinte.

Esta segunda etapa, 14 de xuño a 15 de outubro, caracterizouse polos seguintes feitos: o número de expedientes tramitados foron 27 dos que 13 contestáronse logo dunha ou dúas peticións e finalmente quedaron 8 sen contestar xa que 6 deles se concluíron na seguinte etapa.

A terceira etapa, 16 de outubro a 13 de decembro, é demasiado curta para extraer conclusións claras e cuantitativas xa que dos dez expedientes tramitados só se contestaron dous en tempo e forma e sen embargo deuse trámite e resolución a 6 expedientes pertencentes o período anterior.

Finalmente na última etapa que abrangue o período do 14 ó 31 de decembro, constátase que só se tramitou 1 expediente datado o 30 de decembro e actualmente xa resolto.

En relación cos 31 expedientes correspondentes ás solicitudes dos cidadáns formuladas no ano 2002 e que tiveron incidencia de actuación durante o ano 2003, as áreas de urbanismo, seguridade e tráfico, transportes e medio ambiente abarcan a maioría deles e constátanse 19, 4 e 2 casos, respectivamente.

Na área de urbanismo de 2002, 12 expedientes seguen sen recibir o informe solicitado varias veces, 2 están pendentes de executar a resolución, 2 entraron xa en fase contencioso-administrativa, en 3 a Consellería cambiou a súa resolución inicial aceptando a recomendación do Valedor e 1, o recorrente non aceptou a recomendación indicada.

Na área de seguridade, tráfico e transporte en 3 deles aceptáronse as recomendacións do Valedor e noutro non se recibiu contestación a tres requirimentos enviados á Concellería.

Por outra banda obsérvase ata este momento, día de onte, unha rápida contestación por parte do actual Goberno en canto que retomou 11 expedientes do pasado ano onde o recorrente solicitaba novas intervencións do Valedor por estaren en desacordo coas resolucións municipais dictadas, ou deu contestación a outros tres iniciados no ano 2002 e a 18 máis pertencentes ó ano 2003 que solicitáronse entre os meses de marzo e decembro; sobre temas de urbanismo 4, tráfico 11, vías e obras 2 e patrimonio 1.

Se se fai esta matización é porque se refire a expedientes que, ó pechar este informe anual ó 31 de decembro de 2003, non se resolveran ou pertencían a etapas anteriores.

Todo isto pon de manifesto un certo desfase nos trámites de contestación polas razóns políticas peculiares xa expostas que condicionaron o ano 2003.

Isto faise constar a modo aclaratorio porque o informe anual se pecha ó 31 de decembro de 2003 e nalgúns dos expedientes pendentes de contestación que figuran no devandito informe foron actualmente concluídos ou atópanse en fase do proceso.

Por todo o exposto, dende o punto de vista do tipo ou categoría do cidadán vigués, este pode clasificarse en función da área temática obxecto da queixa ou conflito, que tentou obter algunha resposta por resolución. Pode semellar choqueiro, pero non o é, que poidamos diferenciar cidadáns de primeira, de segunda ou de terceira.

Se o obxecto da queixa se refire á auga, saneamento ou limpeza, 7 expedientes en total, só se requiriu solicitar unha soa información sobre o tema á Consellería correspondente e poder dictaminar así en tempo e forma a conseguinte recomendación ou conclusión do conflito. De igual xeito se a queixa se centra na área de economía e facenda a actuación da Consellería é dilixente e os 10 expedientes abertos poidéronse concluir con eficacia e dilixencia, así como tamén os relacionados coa área de cultura, educación, deporte e normalización lingüística, 2 en total, e as áreas de parques e xardíns, benestar social e persoal con 1 cada unha delas. A este grupo poderíamolo denominar coma de cidadáns de primeira porque os seus dereitos están recoñecidos e poden acadar que a súa queixa sexa analizada e dictaminada en tempo e forma.

En relación con aqueles expedientes que se engloban dentro da área de patrimonio obsérvase que se require para algúns deles solicitar ata dúas peticións de informe ademais de non en todos os casos obter o informe requirido e non se puido rematar un expediente por falla de colaboración. Aqueles cidadáns que tiveron algún conflito coa área de patrimonio poderíamolos considerar coma de segunda, ós que tamén se poderían engadir aqueles outros con queixas ou conflitos na área de vías e obras e infraestruturas, 5 en total, dos que 2 deles están contestados en tempo e forma, 2 logo de varias peticións de informe pero resoltos, e 1 sen resposta oficial.

Finalmente e non fai falla, cremos, dar detalle adicional ningún, estaremos falando de cidadáns de terceira clase se os conflitos están relacionados coas áreas de seguridade, tráfico e transporte -24- posto que os cidadáns non terán resposta a 8 deles, fundamentalmente sobre actuacións da Policía municipal, logo de tres tentativas de petición de informe; outros 7 están



pendentes de resposta e en 3 obtense resposta logo dunha soa petición de informe e noutros 3 logo de dúas ou tres peticións consecutivas.

Característica semellante constátase na área de urbanismo, con 20 expedientes onde en 7 deles non se obtén resposta, en 3 obtense resposta á única petición de informe, en 6 logo de dúas ou tres peticións consecutivas de informe.

Igualmente os novos expedientes englobados na área de medioambiente teñen un tratamento semellante por parte da Administración local; en 3 deles hai resposta logo de varias tentativas, 1 foi contestado en tempo e forma e a única petición non foi contestada.

As preguntas ineludibles que se poden facer ante esta panorámica son: ¿qué teñen unhas áreas que as diferencian doutras? ¿Por qué unhas contestan e colaboran con eficacia con esta oficina do Valedor e outras non? E dentro das que son máis remisas a colaborar ¿por qué son dilixentes, rápidas nuns expedientes e noutros non, ata o punto de non responder ás insistentes peticións de informacións? ¿qué teñen uns expedientes que non teñen outros? ¿qué teñen de particular os expedientes que non se contestan?

A estas preguntas terémoslles que responder a eses cidadáns de terceira cos seus dereitos conculcados e non atendidos. Cónstanos que a execución de calquera política municipal non é tarefa fácil, demasiadas ideas e intereses que se entrecruzan, non é nada novo.

Este Valedor puxo enriba da mesa mediante unha exhaustiva análise neste informe anual a problemática de cada caso, teñen vostedes agora a palabra. A cidadanía espera a súa intervención para que todos teñan os mesmos dereitos e deberes.

Todas estas preguntas están interrelacionadas ante a firme crenza de que a perceptibilidade da especie humana non é senón a tendencia cara á igualdade, porque a desigualdade é o que constitúe en esencia a inxustiza. A historia enteira da humanidade é unha continua aproximación á igualdade. O civismo consustancial a todo equilibrio sociocultural está por riba e por debaixo das formas do goberno xa que representa as formas permanentes dunha sociedade en réxime de liberdade e de igualdade. É polo tanto imposible a súa existencia fóra dun clima igualitario de democracia.

Non pretendo definir esta excelsa verba democracia, nin ter o don exclusivo da súa interpretación, pero neste caso concreto, aplicada á esencia deste informe anual, democracia para os cidadáns que solicitaron a nosa axuda é o

respecto que deben ter os seus gobernantes na defensa dos seus dereitos e na esixencia dos seus deberes.

Na toma de posesión deste Valedor hai un ano e medio xa dicía, lémbrome hoxe, que a actividade a desenvolver era unha loita na que estabamos todos implicados, era polo tanto unha batalla que tiñamos que gañar pois coma en calquera confrontación (esta éo), só fosemos vencidos ante a realidade dos feitos. A realidade sírvenos, ben que mal, para fabricar un pouco de idealismo ante unha sociedade que sen paixons é estacionaria.

Se non existisen as interaccións antagónicas non existirían os conflitos pero tampouco a evolución, nin posiblemente a vida. Os conflitos son parte das nosas vidas pero buscando solucións posibles é como se avanza, mellora e evoluciona.

Sen embargo se se detén un a albiscar determinadas queixas que se expoñen neste informe anual poderá detectarse que algúns son conflitos innecesarios, isto é, existen por transgredir os regulamentos que gobernan o tema obxecto da queixa, entre elas a apertura de locais sen licencia ou con licencia para outras actividades non solicitadas, obras sen licencia ou ilegais, emprego de motocicletas con escape libre... En principio non deberían existir estes conflitos pero de se presentar se debería proceder á inmediata normalidade da situación, penalizando ó infractor ou impedíndolle continuar coa actividade que ocasionou o devandito conflicto no caso da área de urbanismo, ou comisionando a motocicleta pois a ordenanza vixente así o dispón na área de medioambiente.

Sam Goldwin, produtor de cine, fundador da triada Metro Goldwin Mayer dicía nalgúns ocasións ó seu interlocutor: "Voulle dar a vostede un quizais definitivo". Desexaría que ese quizais definitivo a modo de dúbida permanente non fose o norte ou guía deste Pleno e que só houbera en Vigo unha única clase de cidadáns nos seus dereitos e deberes.

Se tivera que definir a modo de síntese o contido deste informe en canto á colaboración municipal, diría que encaixa dentro dunha resposta con claroescuros, en calquera caso sempre mellor ca do ano 2002. Grande colaboración en determinadas áreas e menor noutras.

Así pois, a modo de símil, xa que coñecemos a enfermidade do paciente, agora corresponde proceder á súa terapia naquelas partes que o requiran e que se expuxeron a vostedes.

Con respecto ó segundo punto, en relación coas actuacións de oficio, como vostedes lembrarán no mes de febreiro do pasado ano deuse a coñecer unha

monografía sobre a influencia da dobre fila no tráfico rodado na cidade de Vigo. Posteriormente tamén nun Pleno de maio do pasado ano entregóuselles a vostedes un estudio sobre a peatonalización da Praza da Independencia. Dado que xa se indicara ante o Pleno no citado mes de febreiro que se estaba a elaborar un estudio sobre os niveis de satisfacción dos cidadáns vigueses na comunidade local onde viven, cunhas enquisas que se realizaron entre os meses de maio e xullo do pasado ano, é polo que logo de concluir esta elaboración e impresión dase a coñecer neste Pleno.

O traballo que se presenta estruturouse, logo dunha introducción a modo de presentación xeral, en sete partes diferenciadas e interrelacionadas entre si. Nunha primeira detállanse os resultados globais obtidos para cada un dos seguintes parámetros: accesibilidade e calidade de vivenda, oportunidades laborais, zonas verdes, lecer e esparcemento, contorno de litoral e praias, porto da cidade, servicios de limpeza e recollida de residuos, calidade do espacio construído, servicios sociais e de saúde, servicios culturais, recreativos e de lecer, dotación de centros educativos e calidade do ensino, servicios públicos e transporte, mobilidade e tráfico, oportunidades de participación nos procesos de planificación e toma de decisión a nivel local, seguridade cidadá, grao de satisfacción xeral de Vigo coma lugar para vivir e traballar.

En todos estes parámetros analizados cuantificáronse as seguintes valoracións: moi satisfeito, insatisfeito, a suma de ambas, satisfeito e moi satisfeito, a suma de ambas e non saben, no contestan.

Por outra banda diferéncianse tamén entre todos os parámetros analizados os distintos niveis de importancia tanto por aspectos socioeconómicos como medioambientais, adoptándose os criterios de ponderación 3 a 2 e 2 a 1, respectivamente, que permiten obter un único valor representativo asociado a cada aspecto.

Nunha segunda parte plásmanse os valores obtidos por zonas a modo de tres contornos xeográficos: o urbano, que abrangue os distritos 1, 2, 3 e 4; o semiurbano que comprende os distritos 5, 6 e 7 e finalmente o rural que configuran os distritos 8 e 9.

A terceira parte preséntase por medio de táboas comparativas entre as tres zonas deste estudio, os distintos niveis de satisfacción por cada un dos quince parámetros analizados.

A parte cuarta céntrase en pormenorizar os resultados obtidos en cada un dos 9 distritos nos que está dividida a cidade, diferenciando os graos de

satisfacción por aspectos ou parámetros, así como tamén en función da importancia dos aspectos socioeconómicos e medioambientais.

Na parte quinta plásmanse as táboas comparativas entre os nove distritos en función dos quince parámetros ou aspectos analizados.

Finalmente na parte sexta lévase a piques un estudio comparativo con outras cidades que dispoñían de datos similares e que foron obtidos utilizando a mesma metodoloxía deste estudio e unha formulación operativa similar.

Como resume e a modo de tendencias observadas detállanse os resultados obtidos clasificados en 6 grupos diferenciados: globais, por zonas; comparativos entre as tres zonas; por distritos, comparativos entre os nove distritos e comparativos con outras cidades.

Un epílogo onde se plasman algunhas peculiaridades relacionadas co punto anterior como figuran no apartado final desta monografía.

Non lle corresponde a quen lles fala facer unha interpretación dos datos. A misión deste ou de calquera Valedor reside en informar coa maior obxectividade e independencia posible de calquera tema obxecto de estudio.

Como órgano comisionado deste Pleno dou a coñecer este traballo coma actuación de oficio e, seguindo as indicacións explicitadas no Regulamento de ordenación e funcionamento da oficina do Valedor, darase a maior difusión do mesmo entre os axentes sociais, económicos e culturais desta cidade.

A modo de información estatística complementaria pódense sinalar os seguintes puntos: o número de entrevistas personais realizadas nos domicilios fundamentalmente e tamén na rúa pública foi de 1.302, coa seguinte distribución: distrito un 92, distrito dous 160, distrito tres 197, distrito catro 234, distrito cinco 71, distrito seis 132, distrito sete 250, distrito oito 86 e distrito nove 80.

O número de enquisadores foron 12. O tempo de execución das enquisas dous meses e medio, entre maio e xullo. As horas totais empregadas para a elaboración desta monografía 3.084; inclúese a planificación do traballo, as entrevistas, os desprazamentos, a elaboración do texto e a corrección de imprenta entre as principais accións.

A parte estrutural de deseño metodolóxico axustouse ás directrices expostas na área 10 do ICEE, Conferencia Internacional sobre inxeniería educativa, realizada en Valencia en xullo do ano pasado á que assistiu este Valador.

Non quero deixar pasar esta sesión sen agradecer publicamente a todas aquelas persoas enquisadas que coa súa desinteresada colaboración fixeron posible a redacción desta monografía, son eles os verdadeiros autores do texto, os demais limitámonos a plasmar as súas ideas.

Coa esperanza e desexo de que este estudio sirva para nos coñecer un pouco máis, agradézolles a súa atención.

SRA. ALCALDESA: Moitas gracias, Valedor, agradezo o seu estudio e os seus informes e, tendo en conta que este é un Pleno extraordinario e polo tanto non hai intervencións, dada a importancia e trascendencia do mesmo, suxírolles ós membros desta Corporación que isto se traslade a unha comisión informativa para o seu debate e para poñer (utilizando as súas mesmas verbas) o tratamento ó diagnóstico da cidade que acaba de facer. Moitas gracias e se lles parece ben convocarémolles en breves datas.

*A Sra. Porteiro García incorpórase á sesión ás 13,30 horas, durante a intervención do Sr. Valedor do Cidadán.*

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás trece horas e trinta e cinco minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fé do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e maila do Excma. Sra. Alcaldesa-Presidenta, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

A ALCALDESA,

O SECRETARIO DO PLENO,

M<sup>a</sup> Corina Porro Martínez

José Riesgo Boluda.